



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica
A Coruña
tfo 981183969 / fax 981183697
coruna@cigtelefonica.com

BOLETÍN SINDICAL

FEBREIRO
Nº9
2005



EXIXAMOS ELECCIÓNS

Os traballadores e traballadoras de Telefónica debemos exixir por todos os medios que se nos restitúa o dereito democrático a participarmos na elección dos membros da Comisión de Control do Plan de Pensións de empregados de Telefónica.

Os que xestionan o Plan non deben ter ningún temor a que na Comisión de Control poida haber representación plural, máxime se esa xestión é eficiente e en interese dos traballadores e traballadoras.

Se pola contra se intenta evitar a presenza na Comisión de Control do Plan de Pensións de calquera persoa que non sexa nomeada pola Empresa, CC.OO ou UGT, entón os actuais partícipes, partícipes voluntarios, beneficiarios... o único que poden pensar é que se intentan utilizar os seus cartos de xeito fraudulento e/ou que se investirán con criterios distintos aos que interesan aos membros do Plan. Así é como se fomenta a desconfianza.

Democracia Si. Participación Si. Eleccións Si. Que non decidan por ti.

EXTERNALIZANDO ACTIVIDADE

A empresa presionou coa ameaza de térense que trasladar a Madrid os traballadores que había no Servizo Marítimo para que se acollesen ao ERE. O resultado foi que a maioría dos Centros quedaron sen o persoal necesario para atender o contrato que Telefónica ten co Estado.

Intentaron cubrir os postos con telefonistas e outras categorías pero houbo denuncias que deron lugar a sentenzas que obrigan a Telefónica a cubrir estes Centros con Radioelectrónicos ou radiotelegrafistas. A situación actual é que precisan cubrir postos de traballo en Valencia, As Palmas, Tenerife e A Coruña (10) con persoal das categorías adecuadas.

O Contrato co Estado remata a mediados de 2007 e Telefónica recorre á contratación da empresa PRESERVI Y 2004. Os traballadores desta empresa están prestando o seu servizo desde o día 10 de xaneiro de 2005.

Este servizo estano a prestar conxuntamente cos compañeiros que aínda quedan (na Coruña 3 que están retidos pola empresa nas súas prexubilacións).

As intencións da empresa de contratar esta actividade foi informada no grupo de traballo de Provisión o 1/12/04. Pero nin a empresa nin os RR.TT. nese grupo de traballo fixeron chegar información ao Comité Provincial da Coruña. A primeira información que se ten é a facilitada pola empresa na Comisión de Xestión do día 19 de xaneiro de 2005, despois de que a CIG pedise que se introducise este tema na reunión.

Parece claro que os grupos de traballo e comisións múltiples que existen recollidos no convenio vixente teñen tamén a función de obstruír a acción sindical, pola vía de non informar os interesados.

DESLOCALIZACIÓN DE ACTIVIDADE

Atento, empresa do grupo Telefónica, que se dedica principalmente a atender chamadas de clientes de Telefónica de España S.A.U., creou en Marrocos unha sucursal para abaratar custos.

Primeiro transferiu a esta sucursal as chamadas ao 1003, o que repercutiu en 454 despedimentos no Estado español (42 na Coruña).

Agora pretende transferir tamén o 1004, o que representa moito máis emprego en perigo. Para iso é preciso que se transfiran a esa sucursal o acceso aos datos “ficha de cliente” dos clientes de Telefónica. Isto fíxose coa autorización da AEPD (Axencia Española de Protección de Datos) pero sen o consentimento necesario dos clientes que non recibiron información de tal transferencia.

Sen entrarmos nos aspectos legais, que seguro están estudando os/as compañeiros/as de Atento, cómpre avaliarmos desde unha perspectiva sindical o negativo desta actuación da que en última instancia é responsábel Telefónica S.A. e que directamente afectaría á perda de emprego en Atento.

Tampouco nos debemos considerarnos alleos os traballadores de Telefónica, especialmente os de Comercial, pois esta medida, indirectamente, podería tamén afectarnos a nós, xa que Atento sen o 1003 e 1004 podería asumir actividade da que hoxe se fai en Comercial.

A UTILIDADE DO IDIOMA

Sucede unha cousa curiosa, que demostra que utilizar o galego por parte dos clientes serve para manter o emprego. Resulta que para as persoas que pulsan a opción do galego, eusquera ou catalán, existen teleoperadoras nas distintas autonomías, incluso para as actividades transferidas a Marrocos.

PLAN ÓPTIMA EN INFRAESTRUTURAS

O pasado día 19 de xaneiro a Empresa presentou na Comisión de Xestión o Plan Óptima en Infraestruturas. Este Plan ten como obxectivo incrementar a produtividade un 25% na Atención localizada, é dicir, nos GMO de Conmutación e Transmisión e Radio. Os elementos nos que quere incidir para conseguir ese incremento pasan por recuperar máis actividade, amortizar as prazas que xere o ERE e reducir as ineficiencias. Neste sentido, é un obxectivo da empresa intentar que desaparezan os traballos acompañados.

A referencia a tomar para incrementar a produtividade aínda non se coñece. Será a dalgún mes do ano pasado. Isto tamén pode ser importante, porque entendemos que intentarán buscar o mes con máis rendemento. A empresa manifestou que a aplicación do Plan Óptima non ía supor modificacións nas quendas actuais.

A CIG manifestou que ao noso entender aquí o Plan Óptima xa estaba cumprido porque mirando os cadros de quendas e vendo as gardas que facían os compañeiros non se podía pedir máis. Manifestamos que nós asumiamos que se puidesen mellorar as ineficiencias e que se recuperase nova actividade, iso si da categoría, porque tirar pontes para as resignacións nos repartidores non era traballo de OTPI. Todo iso sempre e cando os GMO tivesen o persoal necesario, cousa que hoxe en día non se daba.

Manifestamos que os traballos acompañados estaban recollidos na Normativa Laboral e nas recomendacións da Comisión Central de Saúde Laboral e que iso se debía respectar.

Tamén expuxemos que as noites debían estar cubertas por dúas persoas nos distintos GMO para que ninguén teña que ir só a unha avaría e iso sen que repercuta na frecuencia das gardas.

Insistimos en que era necesario dotar do persoal suficiente as unidades para recuperar unha situación normal respecto das gardas, como a que teñen noutras provincias, pois facer semana si semana non garda e en vacacións até tres gardas seguidas non se podía seguir aturando. Despois diso era o momento de falar de asumir nova actividade.

A modo de exemplo a continuación ofrecemos información doutras provincias:

LOCALIDADE	GMO	OTPI	FREC. GARDAS
A CORUÑA	TRANSMISIÓN	9	2 SEMANAS
	CONMUTACIÓN	11	2 SEMANAS
VIGO	TRANSMISIÓN	19	6 SEMANAS
	CONMUTACIÓN	19	6 SEMANAS
LEON	TRANSMISIÓN	16	4 SEMANAS
	CONMUTACIÓN	16	4 SEMANAS

O GOBERNO CONTESTA AS 9.000 SINATURAS DE TRABALLADORES DE TELEFÓNICA. “En defensa do emprego e contra o desmantelamento da empresa”

No mes de novembro recibíuse contestación tanto de Presidencia do Goberno como do Congreso dos Deputados a unha copia das sinaturas e á carta enviada por distintas organizacións sindicais de Telefónica que conformamos a Coordinadora de Burgos, na que a CIG está integrada. Estas sinaturas recolléranse entre os traballadores de Telefónica nos meses de maio e xuño.

Aínda que a contestación é moi xenérica, xa que fala de tomar medidas contra a temporalidade no emprego en xeral, consideramos positivo que o Goberno e o Congreso teña coñecemento da problemática existente na nosa empresa.

A deferencia de ambas as institucións, ao contestaren e teren en conta o escrito enviado, contrasta coa actitude mantida tanto pola Empresa como polo Comité Intercentros, que preferiron ignorar as 9.000 sinaturas de traballadores e traballadoras que representan 9.000 demandas para que se manteña o emprego e non se desmantele esta empresa.

«Constitución europea»

Moitos non consideran que sexa unha verdadeira constitución o «Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa», asinado en Roma o 29 de outubro de 2004. Desde logo, non ten as características das constitucións dos estados. Non contempla a existencia e separación dos poderes lexislativo, executivo e xudicial, como coñecemos nos sistemas democráticos.

O Parlamento europeo (único estamento elixido directamente) non terá verdadeira e plena capacidade de legislar, e a lexislación que se pon en xogo de ámbito comunitario estará limitada pola dos estados membros en moitos casos, consagrando a desigualdade entre os cidadáns e cidadás duns e outros estados.

A súa xénese tamén é sospeitosa, cando menos para os intereses dos traballadores, se temos en conta que foi elaborado por Valéry Giscard d'Estaing, de marcado carácter neoliberal, e unha equipa de 12 'notábeis' escollida por el mesmo (o chamado Praesidium), anulando o escuro labor da Convención Europea, que tampouco foi elixida democraticamente.

O contido do «Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa» tenta, como reconece o goberno español, «a **consolidación nun só texto dos actuais Tratados da Comunidade Europea e da Unión Europea, coa conseguínte sistematización e simplificación das súas disposicións principais** e a inclusión dunha serie de novos preceptos».

O Tratado consta formalmente dun **“Preámbulo”**, catro **“Partes”**, trinta e seis **“Protocolos”**, dous **“Anexos”** e cincuenta **“Declaracións”** aclaratorias. O preámbulo e as dúas primeiras partes semellan conter a «cara» agradábel deste Tratado. Pero nas súas restantes partes —especialmente na terceira— contéñense matizacións, restricións, interpretacións e mesmo negacións e contradicións dos dereitos que xenericamente se recollen e que son precisamente os utilizados polos que promocionan o voto favorábel para gañar —mentindo e manipulando— o interese dos votantes. Para a inmensa minoría que tivo o valor de facer o esforzo de enteirarse de que vai isto lendo as publicacións que se entregaron, hai que aclarar que case en ningún caso tiveron a oportunidade de enfrontarse ao texto completo, senón a un texto capado, que oculta realmente a filosofía da chamada «Constitución Europea» e que só presenta as partes atractivas. Estamos a falar de máis de 700 páxinas no texto completo.

Entre os que defenden o voto negativo a este Tratado —sempre para construír outra Unión Europea— existe a opinión xeneralizada de que o obxectivo real deste tratado é acentuar a tendencia neoliberal (asentada sobre as tres «liberdades liberticidas»: libre circulación de capitais, libre circulación de mercadorías e servizos e liberdade de establecemento). É dicir, conságrase o que nos últimos anos se viña denominando a «Europa dos mercadores».

En contra desta Europa houbo importantes mobilizacións en distintos puntos de Europa coincidindo cos diferentes Cumios europeos, promovidas polos sindicatos, entre eles os do Estado Español. Hoxe, estes sindicatos españois están a favor do que antes lles parecía mal. Parece máis que necesario que expliquen as razóns do seu cambio de parecer.

Na CIG mantemos outra posición, porque desexamos unha verdadeira Constitución Europea. Que sexa **democrática**, na que exista a clásica división de poderes e na que o Parlamento Europeo cumpra un papel como o de calquera parlamento dun sistema democrático. Que sexa **social**, que garanta por igual a protección social dos traballadores e cidadáns de toda Europa, para impedir o *dumping* social interno, que incide negativamente sobre os traballadores e os seus dereitos laborais. En fin, tamén queremos unha constitución Europea que contemple e respecte os dereitos colectivos das nacións sen estado que existen actualmente en Europa, como é o caso de Galiza.

Como a constitución que nos ofrecen dista moito da que nós desexamos —non nos serve o consolo de que despois se pode modificar, pois para isto é necesario a unanimidade dos 25 membros, cousa practicamente imposible—, **é polo que a CIG pide o NON dos traballadores galegos no Referéndum do día 20 de febreiro.**

Se pensas que os teus intereses e os de todos os traballadores e traballadoras necesitan ser defendidos permanentemente, únete a nós e farás da CIG en Telefónica unha organización máis forte e con máis capacidade para evitar os atropelos e abusos.

AFÍLIATE Á CIG, POLO TEU INTERESE.

BOLETÍN DE AFILIACIÓN

Nome e Apelidos _____ Matrícula _____

Categoría _____ Unidade de Trabajo _____ Localidade _____

Domiciliación das cotas por banco

Domiciliación das cotas por nómina

Enviar a: Sección Sindical CIG, C/ Miguel Server: Edif-Central de Hércules.

correo : coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com